

defensor. S. Paulo eloxia os Tesalonicenses porque abandonaron os ídolos para adorar e servir a Deus. Escoitemos con atención.

4. ORACIÓN DOS FIEIS

A Xesucristo, que viviu a vontade do Pai e a solidariedade cos homes como un mesmo amor, pidámoslle:

-Ensínanos a vivir como irmáns. -Amareite, Señor, con todo o corazón.

- 1.- Que o teu Igrexa sexa testemuña do amor de Deus, lugar de acollida e de perdón. **Oremos.**
- 2.- Que amemos e adoremos o Deus persoal que acompaña a nosa vida e nos interpela. **Oremos.**
- 3.- Que te queiramos, Señor, con toda a alma e con todo o corazón. **Oremos.**
- 4.- Que descubramos que non podemos amar a Deus sen amar o irmán ou irmá. **Oremos.**
- 5.- Que nos doian as persoas que son maltratadas ou que pasan mal. **Oremos.**
- 6.- Que o amor aos necesitados nos leve a descubrir o rostro de Deus neles. **Oremos.**
- 7.- Que os nenos teñan en casa o primeiro modelo de amor na súa familia. **Oremos.**
- 8.- Polos enfermos, polos que sofren, polos que perderon o traballo ou faleceron. **Oremos.**

Señor, que vivamos a fraternidade “recoñecendo, valorando e amando a cada persoa máis aló do lugar onde naceuse ou onde habite” (FT 1). Por XCNS. Amén.

5. OFRENDAS

- LIBRO DA BIBLIA:** Este libro, con tantas páxinas e con tanta mensaxe, é o libro da biblia e resúmese nestas dúas frases: “Ama a Deus” e “Ama o próximo”. Oxalá sexa o noso libro de cabeceira, o que guíe a nosa vida e a nosa maneira de ser.
- ENCÍCLICA FRATELLI TUTI (Todos irmáns):** Esta encíclica do Papa explícanos como vivir o amor, como ser próximos e samaritanos co próximo, como vivir a fraternidade hoxe. Que a leamos e a asumamos todos.
- CAIXA DE CAMELOS (pódense repartir ao final):** Os amigos de Xesús reparten o seu amor a todas as persoas. Ofrecemos estes caramelos como expresión do noso desexo de querer a todos; e é que querer aos demais é ser como os caramelos, sempre doces, facendo felices, dándonos.
- PAN E VIÑO:** Co pan e o viño traemos ante o Señor o noso agradecemento polo moito que nos dá. Polo sol e as estrelas, polo pan e a auga, polo traballo e o seu agarimo cara a nós. E pedímoslle por aqueles que prescindén de Deus nas súas vidas.

6. POSCOMUÑÓN: Oración ao Creador (Fratelli tutti nº 287)

Señor e Pai da humanidade,
que creaches todos os seres humanos coa mesma dignidade,
infunde nos nosos corazóns un espírito fraternal.
Inspíranos un soño de reencontro, de diálogo, de xustiza e de paz.
Impúlsanos a crear sociedades máis sas
e un mundo máis digno, sen fame,
sen pobreza, sen violencia, sen guerras.
Que o noso corazón se abra
a todos os pobos e nacións da terra,
para recoñecer o ben e a beleza que sementaches en cada un,
para estreitar lazos de unidade, de proxectos comúns,
de esperanzas compartidas. Amén.
Papa Francisco.

